

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de marzo de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno  
D. José Manuel Iglesias Pérez  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Figueroa Vila

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de marzo de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(115).-ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2006. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. Alcaldesa-presidenta.

**2(116).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PAR PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 21/1077, 2/358, 1/025, 22/1617.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformados pola delegada de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servicio de Centro de Día para persoas maiores ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Mercedes Fernández Pérez. Expte. 21/1077.
- D<sup>a</sup>. Robustiana Domingo Palacios. Expte. 2/358.
- D<sup>a</sup>. Encarnación Amparo Posada Gaitero. Expte. 1/25.
- D<sup>a</sup>. Cándida Veiga Figueroa. Expte. 22/1617.

**3(117).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 01/852/06, 23/535, 22/1050, 23/1055, 23/1223, 22/1057, 22/1673, 12/0031.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xfe de sector de Acción Social, conformados pola delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Otilia Bastos Abalde. Expte. 01/852.
- D. Alvaro Garrido Solla. Expte. 23/535.
- D. Amador López Pérez. Expte. 22/1050.
- D<sup>a</sup>. Carmen González Martínez. Expte. 23/1055.
- D. José Carlos Ibáñez González. Expte. 23/1223.
- D<sup>a</sup>. Elisa Martínez Diéguez. Expte. 22/1057.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Asunción Blanco del Rio. Expte. 22/1673.
- D<sup>a</sup>. Olivia Melón del Rio. Expte. 0031/12.

**4(118).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DE ENTRADAS PARA A PROGRAMACIÓN TEATRAL “CON T DE TEATRO”. EXPTE. 9422/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 28.02.06, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar un prezo unitario de venda de entradas ao público de 3.-€ para adultos e 2.-€ para menores de 14 anos, para os espectáculos incluídos no programa teatral “CON T DE TEATRO”, que se desenvolverá no auditorio municipal nos meses de febreiro a xuño según o programa que se achega no expediente.

2º.- Que o ingreso da recaudación total se realice na conta de titularidade municipal 2080 0000 71 0040070137 á finalización da última das actuacións previstas.”

**5(119).- SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP COUTADA-BEADE DE AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO “XXX CROSS ESCOLAR COUTABA-BEADE” O DÍA 26.03.06. EXPTE. 6027/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do AMPA do CEIP Coutada-Bead e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.06, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA do CEIP Coutada-Bead a organizar o vindeiro día 26 de marzo de 2006 a proba deportiva denominada “XXX Cross Escolar Coutada-Bead”, que está previsto se desenvolva no CEIP Coutada Beade e arredores entre as 09:30 e as 13:30 h.

**6(120).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DO “GRAN PREMIO CICLISTA SAN XOSÉ”, NA AVDA. DE SAMIL OS DÍAS 18 E 19 DE MARZO DE 2006. EXPTE. 6038/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Ciclista Vigués e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.06, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o club ciclista vigués a organizar os vindeiros días 18 e 19 de marzo de 2006 a XXXIII edición da proba ciclista denominada Gran Premio Ciclista San Xosé, que está previsto que se desenvolva, como xa ven sendo habitual nas derradeiras edicións, nun circuíto da avda. de Samil no tramo comprendido entre a avda. de Europa e as instalacións deportivas municipais do Instituto Municipal dos Deportes nos días e no horario seguinte:

- Día 18 de marzo sábado: de 15:00 h. a 19:00 h.
- Día 19 de marzo domingo: de 10:00 h. a 14:00 h.
- Autorizar os servicios da Policía Local e Protección Civil para coidar da seguridade de ciclistas e público en xeral, así como para ordenar o tráfico na zona de influencia da carreira.
- Autorizar a dispoñibilidade de 2 axentes motorizados para circular na cabeza do pelotón.
- Autorizar a colocación dun palco de autoridades e trofeos na zona de Meta.
- Autorizar a colocación de megafonía.
- Autorizar o peche o tráfico no circuíto da carreira durante os días e as horas seguintes:
- Día 18 de marzo sábado: de 15:00 h. a 19:00 h.
- Día 19 de marzo domingo: de 10:00 h. a 14:00 h.”.

**7(121).- SOLICITUDE DA A.VV. CAMIÑO VELLO DE COIA DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO “DÍA DO DEPORTE EN COIA” NA AVDA. CASTELAO O DÍA 12.03.06. EXPTE. 6039/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da A.VV. Camiño Vello de Coia e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.06, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a A.VV. Camiño Vello de Coia a:

- Organizar o vindeiro día 12 de marzo de 2006 o evento ludico-deportivo “Día do Deporte en Coia” na avda de Castelao, no tramo comprendido entre os cruces das rúas Marín-Redondela e Tomas Paredes, que está previsto que se desenvolva entra as 10:00 h. e as 14:00 h.

Para desenvolver esta actividade a A.VV. de Coia deberá:

- Presentar un seguro de Responsabilidade Civil que cubra o risco de accidentes dos organizadores da proba.
- Presentar un seguro de accidentes que cubra calquera accidente que poidan sufrir os participantes

**8(122).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE DEPORTIVA DE ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO “XXIX TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS NO PARQUE FORESTAL DE OIA”, O DÍA 12.03.06. EXPTE. 6040/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Sociedade Deportiva de Atletismo San Miguel de Oia e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.06, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Denvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Sociedade Deportiva de Atletismo San Miguel de Oia a organizar o vindeiro día 12 de marzo de 2006 a proba deportiva denominada “XXIX Trofeo de Campo a Través da Sociedade Deportiva de Atletismo San Miguel de Oia”, para atletas federados, escolares e popular, que está previsto se desenvolva no parque forestal de San Miguel de Oia entre as 10:00 h. as 14:00 h.

**9(123).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO COMO ILE DO PROXECTO EMPRESARIAL “ADOC MANAGEMENT DOCUMENTAL, S.L” . EXPTE. 3641/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica Local de Emprego, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo, a calificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ADOC Management Documental, S.L.” (que terá por obxecto a realización de servizos de custodia, asesoramento archivístico, traslado, cambio de soporte e expurgo, para que a información contida nos documentos se atope segura e protexida ante axentes terceiros que poidan usala en beneficio propio dende que se xenera nos distintos organismos o empresas ata a súa destrución certificada), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio por parte dos Técnicos Locais de Emprego (TLE) do Servizo de Asesoramento a emprendedores SAE do Concello de Vigo, na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como levar a cabo todo-los trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Traballo.
- Tera preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso obte.

**10(124).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE MARZO DO ANO 2006.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe do técnico de Intervención Xeral, do 2.03.06, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal, que de seguido se detallan, para a súa inclusión na nómina de marzo do ano 2006.

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1212	Parque Móbil	497,08
1261	Patrimonio e Contratación	74,97
2220	Seguridade e Mobilidade	521,36
3130	Benestar Social	55,70
4220	Educación	460,39
4430	Cemiterio	118,32
4631	Participación Cidadá	140,57
4632	Muller	39,00
5110	Vías e Obras	3.011,37
6110	Servizos Económicos	4.132,50
	TOTAL	9.051,26

**11(125).-PRORROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, EXECUCIÓN E MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO, ADXUDICAO A “APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A.”. EXPTE. 71933/210**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 14.02.06, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

*En data 31 de xaneiro de 2006, o Enxeñeiro Municipal emite o seguinte informe:*

*“ A empresa “Aplicación de Pinturas API, S.A”, resultou adxudicataria do concurso para o contrato de subministro, execución e mantemento da sinalización horizontal e vertical do término municipal de Vigo, segundo acordo da Xunta de Gobeerno Local de data 16 de febreiro de 2004.*

*O contrato iniciase en data 16 de marzo do mesmo ano trala firma do mesmo polo Concelleiro D. Javier Guerra Fernández, o representante da empresa D. Carlos Días Hidalgo, e autorizando o documento D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local. A duración do contrato é de dous anos prorrogables.*

*A primeira factura emitida no contrato referente á sinalización horizontal, fra. nº 1373, doc. 40042472, e a sinalización vertical, fra. nº 1374, doc. 40042474, ambalasdúas de data de entrada no Rexistro Xeral 28/04/04 correspondentes aos traballos executados dende o día 15/03/04 ata o día 31/03/04 seguinte.*

*Segundo a cláusula IV “Prazo de duración do contrato” do texto refundido do Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, aprobada pola Comisión de Goberno en sesión do 15 de setembro de 2003, este terá unha duración de dous anos e poderá ser prorrogado por anualidades ata un máximo de dúas máis, previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*Durante o espazo de tempo transcorrido dende o inicio do contrato ata a data de hoxe, a empresa adxudicataria cumpriu as especificacións deste sen obxexión de relevo por parte dos servizos técnicos municipais. Máis concretamente cumpriu rigurosamente coas calidades dos materiais subministrados, coa execución dos traballos, facilitando os datos en soporte informático, así como coas especificacións do contrato no tocante á xestión, información, comunicación, etc.*

*En atención ao anterior, procede informar favorablemente a prórroga prevista na cláusula IV do prego de cláusulas administrativas, iniciándose esta o día 16/03/06 e rematando o día 15/03/07”.*

*No orzamento prorrogado para o ano 2006 existe consignación orzamentaria na partida nº 2220.22.70602, CONCESIÓN MARCAS E VIAIS, por un importe de 372.627.50 €.*

*Polo exposto e á vista do citado informe no que se propón a prórroga e tendo en conta que tal posibilidade aparece recollida na Cláusula 4ª, do texto refundido do Prego de cláusulas administrativas, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta*

*Prorrogar o contrato de Subministro, execución e mantemento da sinalización horizontal e vertical do término municipal de Vigo coa empresa “Aplicación de Pinturas, API, S.A”, por un prazo dun ano, prorrogable por outro ano máis, con cargo á partida 2220.22.70602, CONCESIÓN MARCAS E VIAIS, por un importe de 372.627.50 €, e nas mesmas condicións que se recollen no Prego de condicións administrativas e no contrato asinado en data 15 de marzo de 2004.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(126).-REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO DE XESTIÓNS DA CASA DE ACOLLIDA PARA MULLERES, ANO 2006. EXP.TES. 2343/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 17.02.06, conformado pola técnica de Admón. da Muller, pola concelleira da Muller e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

*“O Grupo de Estudos sobre a condición da Muller-Alecrín” ten adxudicado o contrato de xestión da Casa Municipal de acollida para mulleres maltratadas dende o 1 de xaneiro de 2004, tal e como indica a cláusula 2ª do contrato.*

*Actualmente o importe total do contrato é de 301.519,04€ que comprende a cota fixa, e a cota variable orixinada polo prezo da praza ocupación/día 10,722€.*

*Como establece a cláusula 3ª do prego de condicións administrativas que rexen o contrato: “procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a*

variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”.

Consultado o IPC xeral correspondente ao ano 2005 resulta que o índice a aplicar na factura da adxudicataria é dun 3,7%.

Polo tanto:

O Prezo actual do contrato para o periodo de xaneiro a decembro de 2006, ambos incluídos é de:

- Cota fixa: 171.199,61€
- Cota variable praza ocupación/día: 10,722€

O prezo do contrato aplicando a revisión de prezos para o periodo de xaneiro a decembro de 2006:

- Cota fixa:  $171.199,61 \times 3,7\% = 6.334,39$
- Cota variable:  $10,722 \times 3,7\% = 0,40$
- 31 prazas ocupación máxima  $\times 365$  días  $\times 0,40 = 4.526$

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Casa Municipal de acollida para mulleres, durante o periodo de contrato de xaneiro a decembro de 2006, ambos incluídos, aplicando o IPC de 3,7%, de acordo coa cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexen o contrato.

2º.- Aprobar os gastos de 10.860,39€ con cargo á partida presupostaria 463 2227 0602 do presuposto en vigor.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(127).-PLAN DE OCUPACIÓN DE POSTOS EN PRAIAS DO ANO 2006. EXPTE. 17671/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 22.02.06, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente, que di o seguinte:

O pasado febreiro, o Servicio Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ó Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 15 de abril de 2006 remitase a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.

Elabórase unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRICIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO A	Areal da Punta ( A Guía)	20

QUIOSCO B	Areal de Santa Baia	20
QUIOSCO C	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO D	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO E	Areal de Argazada	20
QUIOSCO F	Areal de Samil	20
QUIOSCO G	Areal de Samil	20
QUIOSCO H	Areal de Samil	20
QUIOSCO I	Areal do Bao	20
QUIOSCO K	Areal do Bao	20
ALMACEN ESCOLA NAUTICA K1	Areal do Bao	20
QUIOSCO L	Areal do Bao	20
QUIOSCO M	Areal do Bao	20

Tódolos quioscos e o almacen relacionado (13) aparecen sinalados nos Planos escalas 1:1000 do servizo de Medio Ambiente do concello de Vigo.

O modelo de quiosco orientativo achégase en plano de escala 1:50. Ten unha superficie pechada de 20m<sup>2</sup> a base troncos macizos na súa construción e cuberta termochip e tegola, en sintonía co entorno natural no que se pretenden instalar.

No Prego de Prescripcíons Técnicas de adxudicación destas instalacións turísticas especificouse para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

Observouse en tódolos casos, a prescripción de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas.

#### OUTRO TIPO DE INSTALACIONES: ESTACION NÁUTICA.

A Estación Náutica se ubicará na Praia do Vao e que contará cunha subestación para piragüismo na Praia de Samil. Para este servizo, onde se ofertarán actividades acuáticas sen motor, como vela, wind-surf e piragüismo.

O número de unidades que se instalarán serán as seguintes:

- Vela-Catamarán 2
- Tablas de Windsurf 6
- Piragüas 30 (15 Vao/15 Samil).



*Para que o material poida ser recollido tódolos días, co gallo de minimiza-la interferencia con outros usos comúns da praia, será necesaria a instalación de:*

- *Almacén de 20 m2 de peche, coas mesmas características de construción que os quioscos e instalado na zona de uso público que aparece sinalada no plano nº 7 coa inscrición K1 (Este almacén figura na relación de tódalas instalacións que consta neste informe).*

*A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aprobar o Plan de Ocupación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2006 tal e como se recolle na parte expositiva de este informe.*

*2º.- Remitir antes do día 15 de abril de 2006 este Plan de Ocupación e Explotación para o ano 2005 ó Servizo Provincial de Costas.*

*3º O concello de Vigo obrígase a esixir dos adxudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(128).- DENUNCIA DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA E INFANCIA. EXPTE. 10666/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 22.02.06, conformado pola delegada de Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A compañía “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.” adxudataria dos servizos de atención á infancia e familia en escrito presentado o día 10-02-2006 denunciou a vixencia de dito contrato.*

*De acordo co estipulado na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación, a denuncia do contrato deberíase facer con catro meses de antelación a data prevista para a finalización do contrato (31-05-2006).*

*Non obstante o anterior a xefatura de Benestar Social informa o día 17-02-2006 que non hai inconveniente en propoñer a Xunta de Goberno Local á renuncia de “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.” para continuar coa execución do programa de familia e infancia. Remitindo ademáis o expediente para efectuar unha nova contratación.*

*A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

1º.- Acepta-la denuncia efectuada por “Gabinete de Trabajo Social Grupo 5, S.L.” do contrato para a prestación do servizo de atención á familia e infancia adxudicado a dita empresa por acordo da Xunta de Goberno Local de 31.05.2004.

2º.- Fixar como data de finalización do contrato o día 31-05-2006.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

### **15(129).-DENUNCIA DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 5930/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 22.02.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro delegado de Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*O xefe do sector de Acción Social en escrito de 31.01.2006 propón a denuncia do contrato que o Concello de Vigo ten subscrito con Elsamex, S.A. para o mantemento e conservación dos cemiterios municipais a causa da deficiente prestación do servizo.*

*De acordo co estipulado na cláusula VI do prego de condicións que rexiu a contratación a denuncia do contrato deberíase facer con seis meses de antelación a data prevista para a finalización do mesmo (31-12-2006).*

*A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

1º.- Denunciar o contrato de mantemento e conservación dos cemiterios municipais adxudicado a Elsamex, S.A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 13.12.2006.

2º.- Fixar como data de finalización do contrato o día 31.12.2006.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(130).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE PROXIMIDADE. EXPTE. 9128/331.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión do 7.11.05, aprobou o expediente de contratación dos servizos en bibliotecas públicas de proximidade (bibliotecas públicas escolares) do Concello de Vigo.

Con data 21.12.05 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 233 (5.12.05) e no BOP nº 230 (30.11.05), presentáronse as seguintes propostas: 1) M<sup>a</sup> Marta de la Serna López, 2) Fundación de Estudos de Anlises (FESAN), 3) Eulen S.A.

A Mesa de Contratación realizada o 27.12.06 procedeu á apertura das ofertas, admitíndoas e pasándoas a informe do Servizo de Cultura, que foi emitido polo xefe do de dito servizo, o 20.01.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, propoñendo como adxudicataria a EULEN S.A.

A Mesa de Contratación, en sesión realizada o 6.02.06, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Eulen, S.A. o concurso para a contratación dos servizos de bibliotecas públicas de proximidade (bibliotecas públicas escolares) do Concello de Vigo de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 7 de novembro de 2005.

O importe total do contrato que rematará o 31 de agosto de 2007, non prorrogable ascendería a 96.446,75 euros con cargo á partida 4511.227.06.00 (55.279 euros no exercicio 2006 e 41.167,75 no exercicio 2007).

Os prezos unitarios de adxudicación dos servizos, co IVE incluído, serán de 13,25 euros/hora de servizo por posto.

### **17 (131).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DEPORTE PARA MAIORES. EXPTE. 11380/301.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión de data 17.10.05 aproba o expediente de contratación mediante concuso da prestación do Servizo do Programa “Deporte para persoas maiores”.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, con data 28.11.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 214 (8.11.05) e no BOP nº 217 (11.11.05) presentáronse as seguintes propostas: 1) Fundación de Estudos e Analises (FESAN), 2) Campa, Formación e Intervención Socioeducativa S.L.e 3) Pablo Casal Núñez.

Con data 29.11.05 a Mesa de Contratación procedeu á apertura das ofertas presentadas, admitíndoas e pasándoas a informe do Servizo de Benestar Social, que foi emitido pola xefa de Planificación de Servizos Sociais o 6.02.06.

A Mesa de Contratación, en sesión do 20.02.06, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo:

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Pablo Casal Nuñez. o concurso para a contratación do servizo de deporte para persoas maiores por un prezo de 36.850 euros/ano, todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas que foron aprobadas pola xunta de Goberno Local do 17 de outubro de 2005 e a oferta presentada.

### **18(132).-PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 17673/240.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudio.

### **19(133).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATRO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMÁIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 17650/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.01.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Por parte da empresa adxudicataria do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, "Limpiezas del Noroeste, S.A.", por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 31 de decembro de 2002, solicítase a revisión anual do prezo contractual, que na actualidade está establecido na cantidade de 1.158.091,32 euros/ano, tendo en conta a última ampliación do prezo do contrato, aprobada na Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2006.*

*No prego de cláusulas administrativas que no seu día rexou o concurso convocado para a contratación do servizo, prevese na cláusula 3ª, aptdo. 1.-, a revisión do prezo do contrato, dispoñendo que éste revisárase anualmente, unha vez transcorrido un ano do prazo contractual, mediante a aplicación da variación que experimente o Índice de Prezos o Consumo do ano inmediato anterior a adxudicación ou a última revisión.*

*Na referida cláusula prevese asimismo, que si como consecuencia da actualización producida no prezo do contrato, o incremento resultante fose inferior a variación dada por un novo convenio colectivo provincial ou actualización do mesmo, os custos de persoal, actualizaráanse polo incremento que se poña de manifesto entre o convenio vixente no momento de facela oferta e a nova situación, a tales efectos os licitadores indicarán nas ofertas os custos de man de obra o número de traballadores e a súa categoría laboral e custo de man de obra en relación o prezo total ofertado.*

*Dado que a última revisión de prezos do contrato tiña efectos dende o 1 de xaneiro de 2005, a empresa adxudicataria terá dereito a revisión do contrato a partir do 1 de xaneiro de 2006.*

*A vista que no prego de cláusulas Administrativas, está previsto que a revisión do prezo do contrato, na parte correspondente o custe de man de obra, efectuarase según o incremento que experimente dito*

concepto ( man de obra), como consecuencia do convenio provincial de edificios e locais, publicado éste no B.O.P. de data 27 de xullo de 2005 e que neste caso foi dun 6,79% -tendo en conta todos os incrementos que se produciron na totalidade dos conceptos salariales, incluída a antigüidade-; polo que a parte do prezo correspondente o coste do persoal actualizárase có incremento que se poña de manifesto no referido convenio, é decir un 6,791%, adxuntase copia da certificación da Asociación provincial de empresarios de limpeza de edificios e locais de Pontevedra.

O desglose da oferta económica que no seu día presentou a empresa, cóa última revisión de prezos aprobada para o ano 2005, é a seguinte:

Coste Man de Obra	Porcentaxe da revisión	Coste revisado
1.071.456,41 euros/ano.	6,79%	1.144.208,30 euros/ano.

En canto os restantes compoñentes do coste do servizo, revisarase mediante a aplicación do IPC correspondente, que para o ano 2004 foi do 3,2%:

Coste restante do contrato	IPC	Coste revisado
86.634,91 euros/ano.	3,70%	89.840,40 euros/ano.

O prezo total do contra, unha vez revisados os compoñentes do mesmo, mediante a aplicación do incremento do coste de man de obra aprobado no Convenio Provincial e a aplicación do IPC da anualidade anterior ( decembro 2004/2005), quedará fixado para o ano 2005, na cantidade de 1.234.048,70 euros/ano, o que equivale a 102.837,39 euros mes.

O contrato de limpeza da casa do Concello e outros locais municipais, propios e arrendadas, atopase na actualidade na segunda, e última, anualidade de prorrogas das previstas no prego de cláusulas Administrativas que rexeu a contratación ( en dito prego prevese a posibilidade de prorrogar o contrato por dúas anualidades en total), a presente prorrogas vence o 31 de decembro do presente ano.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado a revisión de prezos do contrato de Limpeza da Casa do Concello, e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, adxudicado a empresa Limpiezas del Noroeste, S.A., fixando o mesmo para o ano 2006, na cantidade de 1.234.048,70 euros/ano, o que importa un prezo mensual de 102.837,39 euros/mes.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(134).- RECLAMACIÓN DE D. SENEN MONTERO VIEIRO DA POSESIÓN DE DOMINIO DA PARCELA Nº 17, SITA EN COUTADAS-TEIS. EXPTE. 17388/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.02.06, conformado pola xefa do Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*LEXISLACIÓN APLICABLE:*

- *Código Civil (CC).*
- *Constitución Española de 1978 (CE).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa (LEF).*
- *Lei Orgánica, de 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPJ).*

*ANTECEDENTES:*

*Primeiro.- D. Senen Montero Vieiro, mediante escritos con data de entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de 6 de xuño de 2005 e 1 de setembro, manifesta que esta Administración ocupou unha parcela da súa propiedade, situada en Frián, parroquia de Teis, que na actualidade forma parte do Parque Coutadas, reclamando o importe da expropiación.*

*Segundo.- No Proxecto Parcelario de Zona Verde Situada Detrás de Bloques de Fenosa, realizado polo topógrafo municipal Jesús Saavedra en data marzo de 1989, a devandita parcela era designada como parcela 17-A, a nome do Sr. Montero.*

*Terceiro.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 31 de agosto de 1994, acordou a adquisición das parcelas nº 8, 17-A e 20 de acordo co plano asinado polo topógrafo municipal, sitas en Teis, a D. Antonio Durán Rodríguez e D. Calixto Escariz Vázquez, propietarios indiviso das mesmas.*

*Cuarto.- Por escritura de compravenda outorgada por D. Antonio Durán Rodríguez e D. Calixto Escariz Vázquez a favor do Excmo. Concello de Vigo, en data 27 de outubro de 1994, ante o notario D. Roberto Martínez Martínez, co nº de protocolo 2620, o Concello de Vigo adquire a propiedade das mesmas, e así consta no Rexistro da Propiedade de Vigo Número Dos, tomo 1.726, Libro 801, Folio 99, Finca 4924, Inscripción 21ª.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*Primeiro.- O Sr. Montero alega ter sido privado da súa propiedade mediante expropiación. A propiedade é o dereito de gozar e dispoñer da cosa sen máis limitacións que as establecidas nas leis (artigo 348 CC) e nadie poderá ser privado da mesma senon por autoridade competente e por causa xustificada de utilidade pública, previa a correspondente indemnización. Se non precediere este requisito, os Tribunais ampararán e, no seu caso, reintegrarán na posesión ó expropiado (artigos 33 CE e 349 CC).*

*Segundo.- A expropiación forzosa consiste en calquera forma de privación singular da propiedade privada ou de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, calesquera que foran as persoas ou Entidades a que pertezcan, acordada imperativamente, e xa implique venda, permuta, censo, arrendamento, ocupación temporal ou mera cesación do seu exercicio (artigo 1 Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación*

forzosa). O exercicio da potestade expropiatoria polas Administracións públicas que a teñen recoñecida implica a previa indemnización ó propietario do ben expropiado (artigos 33 CE e 349 CC).

Terceiro.- O artigo 609 consigna entre os modos de adquisición da propiedade a compravenda. O Excmo. Concello de Vigo adquiriu a propiedade da finca cuia propiedade reivindica o Sr. Montero non por expropiación senón por este título, en data 27 de outubro de 1994, mediante escritura pública de compravenda outorgada por D. Antonio Durán Rodríguez e D. Calixto Escariz Vázquez, propiedade que na actualidade aparece reflectida no Rexistro da Propiedade de Vigo Número Dos, tomo 1.726, Libro 801, Folio 99, Finca 4924, Inscripción 21ª. Tendo en conta que o Excmo. Concello de Vigo xa adquiriu a finca por compravenda, non existe nin expropiación nin ocupación ilícita, tal e como manifesta o Sr. Montero nos seus escritos, polo que non procede a realización de aboamento ningún, por ningún destes conceptos.

Cuarto.- No entanto, dado que o tema debatido neste expediente é unha cuestión de propiedade, esta Administración carece de competencia para resolver o presente expediente, correspondéndolle a competencia a Xurisdicción ordinaria civil, consonte o disposto no artigo 22 da LOPJ.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de D. Senen Montero Vieiro, por canto a propiedade da finca que afirma ser da súa titularidade correspóndelle ó Excmo. Concello de Vigo, que a adquiriu de D. Antonio Durán Rodríguez e D. Calixto Escariz Vázquez por título de compravenda, en data 27 de outubro de 1994, e así consta no Rexistro da Propiedade de Vigo Número Dos, tomo 1.726, Libro 801, Folio 99, Finca 4924, Inscripción 21ª”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(135).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.**

Examindas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Devolver a CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, S.A., a fianza de 6.010,12 €, constituída para responder da implantación dun plan de pensiones no Concello xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrelo prazo de garantía.

b) Devolver a FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS S.L., a fianza de 2.160 €, contituída para responder da relación do proxecto de obras de musealización da vila romana de Toralla, foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrelo prazo de garantía.

c) Devolver aEKIPO, S.C.G., a fianza de 1.651,04 €, constituída para responder de subministración mobiliario para Intervención, xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrelo prazo de garantía.

**22(136).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. CÁNDIDA BARREIRO RODAS CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.408/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 21.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dna. Cándida Barreiro Rodas, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de febreiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2006, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, en data 15 de novembro de 2004, con motivo dunha caída na rúa Isaac Peral, declarando que procede indemnizala na cantidade de 1.527,12 euros.*

*Examinadas as alegacións presentadas pola reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 23/01/2006.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Cándida Barreiro Rodas, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(137).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL MAYO CARIDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.15944/240 . DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 23.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Manuel Mayo Caride presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de abril de 2003, no que expón que o día 17 de xuño de 2001, D. David Mayo García circulaba co vehículo de propiedade do reclamante, matrícula PO-6782-AL, polo Camiño da Igrexa en Bembrive e provocou danos no mesmo ó esvarar pola presenza na vía de pétalos de flores, restos de alfombras florais pola procesión de Corpus.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*



- *Parte do servizo da Policía Local, con data 17/06/2001, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. David Mayo relátalles o accidente que tivera; así mesmo comprobaban os danos materiais existentes no vehículo e a presenza dos pétalos na calzada.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 02/06/2003.*
- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 05/10/2005, no que informan que non consta autorización expresa para a ocupación da vía pública cunha alfombra floral, nin tampouco que houbera un corte de tráfico na mesma na data do accidente.*
- *Informe do servizo de Limpeza, con data 17/10/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 13/12/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Consonte os artigos 142.5 da Lei 30/1992 e 4 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, en todo caso o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo, se ben nos supostos de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comenará a computarse desde a curación ou determinación do alcance das secuelas.*

*A vista destes preceptos, no suposto de referencia, o inicio do prazo de prescripción da acción debe situarse na data do sinistro, o día 17 de xuño de 2001, de xeito que a presentación da reclamación en data 2 de abril de 2003 resulta claramente extemporánea, e se ben o Sr. Mayo manifesta ter presentado reclamación de responsabilidade patrimonial ante a Entidade Local Menor de Bembrive, non só non xustifica este extremo con copia compulsada da mesma, senón que ademais na copia simple achegada ó expediente figura como data de entrada no Rexistro da Entidade Local Menor o 12 de agosto de 2002, data en que xa prescribira o seu dereito a reclamar.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Mayo Caride en data 2 de abril de 2003 por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo previsto nos artigos 142.5 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e 4 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(138).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL LUÍS SOUSA RGUEZ. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16384/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Manuel Luís Sousa Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de xuño de 2003, no que expón que o día 08 de xaneiro de 2003 o seu fillo D. Roi de Sousa García circulaba co vehículo de propiedade de D. Manuel Luís, matrícula PO-2071-BP, pola avenida da Florida e provocou danos materiais na parte inferior do mesmo ó soltarse a tapa dun sumidoiro sobre o que pasaba o vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 08/01/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos (avenida da Florida nº 36), D. Roi de Sousa relátalles como ocorreu o accidente; así mesmo, comprobán os danos ocasionados ó vehículo de D. Manuel Luís Sousa (afundimento no bordo esquerdo da llanta de aluminio).*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento de sanemaneto de augas, con data 07/01/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 06/05/2004.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 25/05/2004.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local ). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Dado que a Policía Local acudíu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, a instancias do fillo do reclamante, conductor do vehículo accidentado, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas presenciais do mesmo e aínda que constantan a existencia de danos no vehículo no parte de servizo non se fai referencia ó estado de arqueta e non consta nin que estivera destapada nin en mal estado no momento do accidente, e en calquera caso ó non ter presenciado os feitos non poden dar fe de que a arqueta fora a causante dos danos do vehículo do Sr. Sousa. Polo que podemos concluír afirmando que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, e non se acredita a pretendida relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a reclamación formulada por D. Manuel Luís Sousa Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(139).-RECLAMACIÓN DE D. CIPRIANO F. CARDERO VALIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16388/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Cipriano Fernando Cardero Valiente presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xuño de 2003, no que expón que o día 09 de xuño de 2003, mentres camiñaba pola rúa Travesía de Vigo, á altura do número 85, tivo un accidente peonil por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 09/06/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, a súa chegada o lugar dos feitos, tras ter sido requeridos por mor da caída dun cidadán, este xa fora trasladado a un centro sanitario, se ben comprobán a falta dunha louseta na beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 13/01/2004, no que manifestan que o lugar onde se produciu o accidente atópase na mesma situación, faltándolle unha baldosa.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 8.732,01 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 18/05/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Dado que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecida a caída, os axentes actuantes non foron testemuñas presenciais da mesma e aínda que constantan a falla dunha louseta no lugar, non poden dar fe de que esta fora a causa da caída do Sr. Cardero e que os partes de asistencia médica, achegados ó expediente, acreditan que a Sr. Cardero sufriu determinados danos, pero non demostran en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma, se engadimos que non existen testemuñas presenciais do accidente, podemos concluír afirmando que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, e non se acredita a pretendida relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Cipriano Fernando Cardero Valiente por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(140).-RECLAMACIÓN DE D. JOAQUÍN OTERO QUEVEDO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16481/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

D. Joaquín Otero Quevedo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación da súa esposa, D<sup>a</sup> Ana María Crespo Leyenda, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de setembro de 2003, no que expón que o día 28 de agosto de 2003, ó circular o Sr. Otero co vehículo matrícula PO-5748-AX, propiedade da Sra. Leyenda, polo camiño da Seara á altura do número 4, provocou danos na roda dianteira do mesmo, ó golpear cunha focha moi pronunciada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 26/08/2003, no que os axentes actuantes manifestan que o Sr. Otero relátalles que causara danos no vehículo propiedade da súa esposa, D<sup>na</sup>. Ana María Crespo Leyenda; igualmente comprobán a existencia dos danos no vehículo e da focha na vía.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 11/12/2003, no que manifestan que esta unidade procedeu á reparación da focha despois de recibir aviso da Policía Local.
- Informe do Parque Móbil, de 07/10/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 40648 de Neumáticos Berbes presentada polo reclamante por un importe de 77,00 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, con data 23/11/2004, que non formula alegacións.

#### Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade

patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos. No parte do servizo os axentes da Policía Local manifestan ter acudido ó lugar dos feitos tras ser requeridos polo conductor do vehículo, e dan fe da existencia da focha e dos danos no vehículo da Sra. Leyenda, no entanto, non poden acreditar que os danos ó vehículo producíranse ó golpear a roda danada na focha, pois non foron testemuñas presenciais do accidente. A informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo da Sra. Leyenda presentaba danos, non existe ningún dato no expediente que permita relacionar estos danos co funcionamento normal ou anormal, de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Joaquín Otero Quevedo, en nome e representación de D<sup>a</sup> Ana María Crespo Leyenda por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **27(141).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> UXÍA SOTO COSTAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16485/240. DESESTINADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Uxía Soto Costas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de setembro de 2003, no que expón que o día 08 de setembro de 2003, mentres camiñaba pola avenida Martínez Garrido, xunto ó colexio Doblada, caeu por estaren mal colocadas as baldosas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de febreiro de 2004, no que manifestan que a beirarrúa neste lugar seguía pendente de reparación na data do informe.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 21/10/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.449,76 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 18/01/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos mesmos. Esta límitase a achegar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*



Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Uxía Soto Costas por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(142).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JOSEFA PARAMÉS FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16506/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. M<sup>a</sup> Josefa Paramés Fernández de Córdoba presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de setembro de 2003, no que expón que, mentres camiñaba pola rúa Montero Ríos, diante do Hotel Universal, sufriu unha caída por mor do mal estado do pavimento levantado pola raíz dunha palmeira, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003, no que confirman a existencia de lousas fóra de rasante, que poden provocar a caída de viandantes.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 31/10/2003, no que indican que dos posíbeis danos deberá responder a empresa Cespa, concesionaria da conservación e mantemento de zonas verdes.*
- Informe da empresa concesionaria Cespa, con data 11/03/2004.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 12/07/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 886,82 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 03/11/2004.*

*Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos mesmos. Esta limítase a aportar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Uxía Soto Costas por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(143).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANA CRUZ ALONSO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16625/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformadopola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ana Cruz Alonso Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de outubro de 2003, no que expón que o día 08 de outubro de 2003 mentres conducía o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-2754-AZ, pola rúa Gandarón, á altura do número 61, sufriu diversos danos por culpa dunha focha existente na vía.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, condata 22/10/2003, no que manifestan que na rúa Gandarón existen gabias de formigón moi profundas nos laterais, que poden causar danos a vehículos se estes se desvían da calzada.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 31/10/2003, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 15/07/2004, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Abreu S.L. presentada pola reclamante por un valor de 424,00 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Práctica de proba testifical, con data 03/09/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Alonso.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 03/09/2004, que non formula.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto o accidente prodúcese ó golpear o vehículo cunha focha situada no arcén da calzada, próximo á beirarrúa, segundo ó informe do Servizo de Vías e Obras e unha das testemuñas presenciais (testemuña nº 2) que ó ser preguntado polo instrutor pola ubicación concreta da focha manifesta “en un giro entre el arcén y la acera”. O artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, impón a obriga os condutores de automóbiles, salvo que sexan coches de minusválidos, de circular pola calzada e non polo arcén, salvo por razóns de emerxencia, detallándose no artigo 15 os supostos en que é posíbel circular polo arcén, ningún dos cales concorre no presente suposto. Á vista deste dato, a informante conclúe que a negligencia da vítima, que circulaba infrinxindo o código de circulación, interferiu no nexo causal, impedindo imputar o dano padecido a esta Administración, non existindo, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana Cruz Alonso Pérez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(144).-RECLAMACIÓN DE D. JAVIER RÍOS DACOSTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.122/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Javier Ríos Dacosta presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de marzo de 2004, no que expón que o muro de súa propiedade, ubicada na rúa Combro nº 38, sufriu danos materiais (no contador de luz) por mor dun colector de lixo que se incendiou e que se atopaba pegado ó devandito muro.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Limpeza, con data 15/06/2004, no que manifestan que os colectores foron queimados por un descoñecido.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 01/07/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe da U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria da subministración e mantemento de colectores de lixo, con data 27/07/2004.*
- Informe do servizo de Bombeiros, con data 09/09/2004, no que manifestan non teren constancia de intervención na rúa Combro no mes de marzo.*
- Informe da concellería de Participación Cidadá, con data 05/10/2004.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante con data 08/04/2005, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. O Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ós servizos de limpeza, Bombeiros e Policía Local, ningún dos cales ten constancia do accidente. Segundo informa a empresa encargada do subministración e mantemento dos colectores do Concello de Vigo, UTE CONTENUR-OTTO, o colector situado na rúa do Combro nº 38 foi repostado por una unidade nova con data 27 de abril de 2004, debido a que estaba queimado. No entanto, segundo o Sr. Ríos, o accidente ocorreu o día 13 de febreiro, e aínda que esta substitución deberase ó accidente ó que fai referencia o reclamante, o feito de que se queimase un colector situado diante da súa vivenda non proba os danos ó seu contador reclamados, dos que non existe ningunha constancia e para a proba dos cales o Sr. Ríos límitase a achegar un presuposto de suministro e colocación dun contador novo, que non proba que o seu este queimado.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Javier Ríos Dacosta por non resultar probados os danos obxecto da mesma”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(145).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A. (D.MARIANO VÁZQUEZ LÓPEZ), DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16458/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

A compañía aseguradora Línea Directa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación do seu asegurado D. Mariano Vázquez López, mediante escrito con data de entrada no

*Rexistro Xeral deste Concello de 08 de agosto de 2003, no que expón que o día 30 de xuño de 2003, ó circular o Sr. Vázquez co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-8182-AF, pola Travesía de Vigo, á altura dos números 221 e 223, provocou danos ó golpearse cunhas fochas existentes na vía.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 29/06/2003, no que os axentes actuantes manifestan que o Sr. Vázquez relátalles que causara danos no seu vehículo na Travesía de Vigo, por mor da existencia de dúas fochas, en zona afectada pola construción do Hipermercado Carrefour.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/11/2003, no que manifestan que as obras se atopaban debidamente sinalizadas e que, de gardarse a dilixencia debida, as deficiencias no aglomerado non causarían os danos que se reclaman; así mesmo, manifestan que as obras executábanse pola Constructora Alamos e pertencían ó ámbito de actuación para a construción do Centro Comercial Carrefour.*
- Informe do Parque Móbil, de 07/10/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 95085 de Talleres Delio S.L son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 10/12/2004.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Consonte o informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/11/2003, as obras executábanse pola Constructora Alamos e pertencían ó ámbito de actuación para a construción do Centro Comercial Carrefour. Dado que as obras eran realizadas por un terceiro alleo ó Concello, non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial desta Administración.*

Polo exposto, e sen entrar a valorar o fondo do asunto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola compañía aseguradora Línea Directa en nome e representación de D. Mariano Vázquez López, por canto o Excmo Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade das obras causantes dos danos”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(146).-RECLAMACIÓN DE D. ELÍAS BARROS MARTÍNEZ (D. ADOLFO REGUEIRA MARTÍNEZ E ZURICH SEGUROS) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.15212/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Elías Barros Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Adolfo Regueira Martínez e da entidade aseguradora ZURICH S.A, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de xullo de 2002, no que expón que o día 16 de xullo de 2001 Dna. María del Carmen Oubiña Chaves circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Regueira, matrícula PO-5344-AY, pola rúa Arieiro e o devandito vehículo foi impactado por dúas reixas protectoras dun conduto de recollida de augas pluviais que se atopaban desprazadas, o que provocou danos materiais ó vehículo e danos físicos a unha das ocupantes do vehículo, a menor Mª Sol Regueira Oubiña.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, con data 16/07/2001, nas que os axentes actuantes, persoados no lugar dos feitos, manifestan que a Sra. Oubiña relátalles os feitos ocorridos; así mesmo comprobán as reixas desprazadas e as lesións da menor Mª Sol Regueira na zona da boca.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 02/10/2002.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 22/07/2004.*
- Informe do Inventario Municipal, con data 18/02/2005, indicando que o lugar onde ocorreron os feitos consta de alta no listado do inventario municipal.*
- Informe do Parque Móbil, de 20/10/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 489 de Talleres Redomotor, S.L. presentada polo reclamante por un importe de 2.566,37 euros son correctos, aínda que manifestan certas dúbidas en relación a algúns dos conceptos nela incluídos.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 12/01/06.*



- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, con data 19/01/2006, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 20/02/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse a Policía Local por se*

tivesen constancia do accidente. No entanto, nas Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local os axentes límitanse a recoller as manifestacións da condutora do vehículo sobre o iter do accidente, non foron testemuñas presenciais do mesmo, polo que a súa declaración fai proba de a existencia de dúas reixas da rede de sumidoiros desprazadas da súa ubicación orixinal e da existencia de danos no vehículo do Sr. Regueira, mais non de que estos danos foron orixinados polas devanditas reixas ó desprazarse.

Como medios de proba dos danos reclamados o Sr. Regueira límitase a achegar a factura de reparación do vehículo e o parte de asistencia a súa filla no servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Xeral – Cíes. A factura de reparación do vehículo proba que este presentaba determinados danos, pero non demostra a causa dos mesmos nin a súa conexión causal co funcionamento do servizo público local. Os danos persoais sufridos pola súa filla con ocasión do accidente tampouco constan acreditados, xa que no devandito parte o diagnóstico é de “hematoma en el labio superior leve”, sin que se resulte avalado con outra documentación médica o período de convalecencia reclamado.

Respecto ós gastos aboados pola Compañía aseguradora Zurich pola asistencia médica á filla do reclamante estes non se xustifican cumpridamente coa presentación de factura orixinal compulsada senón que, a pesar dos reiterados requerimentos por parte de esta Administración, presentáse unha factura simple cuxa veracidade non se contrastou.

Á vista destes datos, a informante conclúe que os reclamantes non probaron suficientemente os feitos nos que basean a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Elías Barros Martínez en nome e representación de D. Adolfo Regueira Martínez e da entidade aseguradora ZURICH S.A, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(147).-RECLAMACIÓN DE D. FERNANDO PUIME FRANCISCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.487/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 24.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

D. Fernando Puime Francisco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 01 de febreiro de 2005, no que expón que o día 23 de setembro de 2005 o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-2381-AV, estando estacionado no rúa Toxal, á altura do número 38, sufriu danos por culpa dunha máquina desbrozadora do servizo de Limpeza deste Concello, que fixo saltar pedras sobre o vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 23/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Puime relátalles que o seu vehículo producírase danos por mor do corte do céspede por parte dos operarios de Cespa; así mesmo comprobán que non había sinalización que impedise o estacionamento do vehículo.
- Informe da empresa Cespa, titular do contrato do servizo de mantemento e reposición de zonas verdes, de data 10/03/2005.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 21/03/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 21/2005 de Talleres Mira 93, S.L. por un valor de 366,56 euros IVE incluído son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, de data 18/04/2005, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 02/06/2005.

#### Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

No presente suposto falla o primeiro dos requisitos para poder apreciar a responsabilidade patrimonial desta Administración, non queda acreditado no expediente a existencia dun dano no patrimonio do Sr. Puime.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento

e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se os axentes actuantes tivesen constancia dos supostos danos e ó servizo de parque móbil municipal, por se o Sr. Puime presentara nas súas instalacións o vehículo e obrase informe no que se describisen os mesmos. Dado que no parte do servizo só se recollen as manifestacións do conductor do vehículo sobre os supostos danos causados ó mesmo pola acción dunha pedra lanzada pola máquina desbrozadora utilizada polos empregados de CESPÁ, pero non se fai unha relación deles; que o Sr. Puime non achega tampouco informe pericial dos supostos danos nin presentou o vehículo no servizo de parque móbil municipal para que quedase constancia dos mesmos; e tendo en conta que os empregados da empresa CESPÁ que traballan na rúa Toxal no momento de producirse o accidente manifestan que o vehículo únicamente estaba manchado de herba e que ofrecéronse a lavallo, ó que o propietario negouse, declaración non desvirtuada por proba en contra do Sr. Puime, a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os danos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Fernando Puime Francisco, ó non resultar convenientemente probada a existencia dun dano avaliábel economicamente, tal e como esixe o artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(148).- RECLAMACIÓN DE ZURICH ESPAÑA (D<sup>a</sup>. PURIFICACIÓN CAMESELLE MÉNDEZ) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.372/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 16.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

A compañía aseguradora Zurich España presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación da súa asegurada Dna. Purificación Cameselle Méndez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de outubro de 2004 no que expón que o día 27 de agosto de 2004, a Sra. Cameselle conducía o vehículo de súa propiedade, con matrícula 6822-BYN, pola rúa Muíños e golpeouno nos baixos coa base dun semáforo existente na calzada, causándolle diversos danos, obxecto da presente reclamación.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 27/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Cameselle relátalles o accidente; así mesmo, requiren un guindastre para evacuar o vehículo sinistrado, chaman a un retén de limpeza para limpar os

restos de gasolina que o vehículo deixara na vía e recollen as queixas dos veciños en canto á mala sinalización do lugar.

- Informe do servizo de Seguridade, con data 21/01/2005, no que manifestan que segundo os arquivos deste Departamento, no lugar do accidente non consta instalación de ningún sinal no lugar do accidente.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/02/2005, no que manifiestan non teren constancia de ningún obstáculo na vía nin da súa posíbel orixe.
- Informe do Parque Móbil, de 25/04/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº T/1723/2004 de Talleres Saab, presentado pola reclamante, por un importe de 3.865,19 euros IVE incluído, son correctos.
- Informe do servizo da Policía Local, con data 27/05/2005, no que manifestan que o lugar onde se accidentou a Sra. Cameselle corresponde a unha pequena illa que existía no centro da calzada, onde estivera un semáforo.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 20/06/2005.

#### *Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as

consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dun obstáculo na calzada, os restos da base dun antigo semáforo cos seus correspondentes espárragos, que golpearon os baixos do vehículo da Sra. Cameselle, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que este obstáculo foi a causa eficiente dos danos do vehículo, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Zurich España, en nome e representación de Dna. Purificación Cameselle Méndez, e indemnizála na contía de 3.865,19 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**35(149).-RECLAMACIÓN DE D. CELSO ROMÁN RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.16371/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 10.02.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Celso Román Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 04 de xuño de 2003, no que expón que o día 06 de xaneiro de 2003, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula M-3346-ON, pola estrada Lameira en dirección á Sárdoma, provocou danos no mesmo ó introducir unha roda nunha focha existente na calzada que estaba cuberta con cartóns.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 03/01/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, Dna. Nieves Barreiro, conductora do vehículo do Sr. Román, relátalles que introducira a roda do vehículo nunha focha producíndose danos ó mesmo; igualmente, comprobán a existencia da focha, os danos no vehículo e a coincidencia de marcas nos apoios da suspensión con marcas da focha.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/11/2003, no que manifestan que a rúa atópase en perfectas condicións, habendo no lugar unha reixa móbil de recollida que augas pluviais, que podería atoparse fóra da súa ancoraxe no momento do accidente.*
- Informe do Inventario Municipal, de data 23/02/2005, no que indican que a estrada do Lameiro consta de alta no inventario municipal.*

- *Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 21/06/2005.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 12/04/2005.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 08/02/2006, comunicando que “os prezos contidos na factura nº 81 de Automecánica y Electricidad Vicar Cesáreo, por un importe de 290,19 euros IVE incluído son correctos.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que a fochanca foi a causa eficiente dos danos do vehículo, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Celso Román Rodríguez e indemnizálo na contía de 290, 19 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”*

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**36(150).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE SETEMBRO 2005 E XANEIRO 2006. EXPTE. 16262/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 28.02.06 e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Réxime Interior, do 24.02.06, conformado pola Exema. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de SETEMBRO-2005 e XANEIRO-2006, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expte. e que comezan por don Carlos Abreu Torres, Francisco J. e remata por don Manuel Villar Domínguez, por un total de 1.176 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relacións que se achegan e que comeza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 807 horas.
- Policia Local, relación que se achega no expte. e que comeza por don José Luis Alonso Moreira e rematan por don José Manuel Villar Fernández, por un total de 1.515'45 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expte. e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1.003 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expte. e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 53 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expte. e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 170 horas.
- Inspección Vias e Obras, relación que se achega no expte. e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 98 horas.
- Oficina Supervisora de Proxectos e Inpección de Obras, aboar a don Angel Ferro Macho un total de 40 horas.



- Conserjería, relación que se achega de dona M<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 24 horas 30 minutos.
- Alcaldía, relación que se achega no expte. e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 98 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 37.650,13 € (TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA CON TRECE CÉNTIMOS).

**37(151).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE 28.02.06, SOBRE PASE Á SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE D. ALBERTO TIZÓN MARTÍN. EXPTE. 16287/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de Alcaldía de 28.02.06, que di o seguinte:

*En data 28/02/2006 (documento nº 60021199) foi recibido no Rexistro Xeral do Concello escrito presentado por D. Alberto Tizón Martín, no cal aporta copia da resolución do Director Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Xunta de Galicia) de data 20/02/2006, pola cal se autoriza o reingreso ó servizo activo na Administración autonómica do dito funcionario e a petición propia do mesmo, solicitando consecuentemente a baixa nesta Concello. O referido funcionario da Xunta de Galicia ingresou no Concello de Vigo o 30/11/2004 (data da toma de posesión) como así consta en Decreto da Alcaldía de data 03/12/2004, tras ter sido nomeado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/10/2004 para a cobertura do posto de traballo vacante de Xefe do Servizo de Fiscalización, a proveer polo sistema de libre designación.*

*De conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 4/1988, do 26 de maio, de Función Pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, os funcionarios da Comunidade que, por medio dos sistemas de concurso ou de libre designación ou transferencia, se é o caso, pasen a ocupar postos de traballo noutras Administracións Públicas, someteranse ó réxime estatutario vixente na Administración na que estén destinados, e serálles de aplicación a lexislación en materia de Función Pública da mesma, pero conservarán a súa condición de funcionarios da Comunidade en situación de servizo noutras administracións públicas.*

*En igual senso, o artigo 17 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna -que resulta de aplicación supletoria ós funcionarios da Administración local- sinala que ós funcionarios da Administración do Estado, das Comunidades autónomas e ós funcionarios das Corporacións Locais comprendidos dentro do ámbito territorial da comunidade autónoma galega que, mediante os procedementos legalmente establecidos, pasen a ocupar postos de traballo na Administración pública desta comunidade autónoma seralles de aplicación a lexislación de función pública da mesma.*

*Consecuentemente -e sen prexuízo das competencias resolutorias en materia de declaración de situacións administrativas dos funcionarios públicos atribuídas á Xunta de Goberno Local no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local e apartado primeiro, punto IV apartado a) 13 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004- e toda vez que polo propio interesado se manifesta a urxencia na*

resolución do asunto, no uso da competencia atribuída a esta Alcaldía-Presidencia polo artigo 21.1.h) da citada norma en canto á titularidade e exercicio da xefatura superior de todo o persoal municipal,

#### RESOLVO

“PRIMEIRO.- Declarar ó funcionario D. Alberto Tizón Martín na situación administrativa de prestación de servizos na Administración Autonómica, con efectos económicos e administrativos na data 28/02/2006, causando baixa dende entón na nómina municipal e nas cotizacións á Seguridade Social, de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo, así como coa resolución do Director Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Xunta de Galicia) de data 20/02/2006, autorizando o reingreso ó servizo activo na Administración autonómica do devandito funcionario a petición propia do mesmo.”

“SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á Dirección Xeral de Función Pública, ó interesado, á Intervención Xeral e á Unidade de Persoal ós efectos oportunos.”

“TERCEIRO.- Dada a urxencia manifestada polo interesado na resolución da solicitude, someter a presente resolución á ratificación da Xunta de Goberno Local consonte ó disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003.”

“CUARTO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **38(152).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL CAMESELLE DOMÍNGUEZ SOLICITANDO LIQUIDACIÓN POR TEMPO TRABALLADO NESTE CONCELLO. EXPTE. 16283/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 01.03.06, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*En data 18/01/2006 (documento nº 60005506) D. Manuel Cameselle Domínguez, con DNI 35.949.308-D, presentou escrito no cal solicita o aboamento de pagas extras, vacacións e soldo dun mes en relación co período comprendido entre o 07/07/1975 e o 20/05/1985, afirmando ter traballado nesas datas para o Concello de Vigo. Aporta copia do informe de vida laboral emitido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social en data 10/01/2006, no cal consta que prestou servizos no Concello de Vigo entre o 07/07/1975 e o 20/05/1985. O devandito traballador, suxeito ó réxime contractual laboral, desempeñou as súas funcións como operario-peón do Servizo Municipal de Limpeza, ata que en data 31/05/1985 o Pleno do Concello acordou o despido do mesmo.*

*De conformidade co establecido no artigo 59.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, as accións derivadas do contrato de traballo que non teñan prazo sinalado prazo especial para o seu exercicio prescribirán ó ano dende a terminación do mesmo; a tales efectos,*

considerarase terminado o contrato o día no que expire o tempo de duración convenido ou fixado por disposición legal ou convenio colectivo.

A reclamación en vía administrativa é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, agás nos supostos no que dito requisito esté exceptuado por unha disposición con rango de Lei (artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999).

Consecuentemente, e visto o tempo transcorrido (máis de 20 anos) dende a data de finalización do contrato (20/05/1985 segundo consta no acordo do Pleno do Concello de data 31/05/1985, así como no informe de vida laboral) non parece procedente estimar a solicitude formulada.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada por D. Manuel Cameselle Domínguez con NIF 35.949.308-D, en escrito de data 18/01/2006 (documento nº 60005506) debido ó transcurso do prazo de 1 ano legalmente establecido para o exercicio da acción derivada do contrato de traballo relativa á reclamación de salarios recollida no artigo 59.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, e de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo, toda vez que teñen transcorrido máis de 20 anos dende a finalización da relación contractual con este Concello, efectuada por acordo plenario de data 31/05/1985. ”

“SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **39(153).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS NA “UNP 4” DO PERI IV-01 S. ROQUE. EXPTE. 4636/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do arquitecto xefe de Planeamento e do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo, do 24.02.06, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- En data 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "IV-01 San Roque" (exp. 8159/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP 164, do 25/08/2004.

Nese PERI delimitouse, en solo urbano consolidado, a Unidade de Normalización de Predios núm. 4, que abrangue as parcelas sitas na r/ Couto Piñeiro núms. 12, 14 e 16 e unha pequena franxa da parte traseira da sita na r/ Colombia 20.

2º.- En data 21/11/2005 o representante da entidade mercantil "Viuconsa SA" presentou na Xerencia Municipal de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do proxecto de normalización de fincas da devandita unidade núm. 4. Achegou ao efecto diversa documentación, con Memoria e Planos asinados polo arquitecto D. Enrique Rodríguez Alfaro, que foi completada e rectificadora -previo requirimento dos técnicos municipais- con outra presentada nos días 02/01/2006 e 13/02/2006, visada polo COAG no 10/02/2006. Achegou tamén unha autorización dos propietarios das fincas iniciais 73, 74 e 75 para promover esta actuación.

#### CONTIDO E OBXECTO DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN

O Proxecto de Normalización de Predios, na súa última versión, componse dun único tomo co seguinte contido:

Memoria

ANEXOS

Ficha e planos do PERI IV-01 San Roque

Copias de escrituras de propiedade

Copias de certificacións catastrais

Copia de certificacións rexistrais

PLANOS

1. Situación e emplazamento
2. Parcelario – estado actual
3. Plano de Fincas Normalizadas
4. Plano 4 – Delimitación da UNP Parcelario actual-Fincas Normalizadas.
5. A Ficha de características, que para esa UNP 4 establece o PERI aprobado definitivamente é a seguinte:

#### FICHA DA UNIDADE DE NORMALIZACION DE PREDIOS UNP 4

Situación: Rúa Couto Piñeiro

Superficie aproximada: 303,28 m2

Delimitación : Figura nos planos PR-03 e PR-04

Parcelas incluídas: 70 (parte), e 73,74 e 75 .

( No apartado 5 da Memoria Xustificativa do PERI figura relación de propietarios a título informativo, segundo datos do I.B.I.)

Obxectivo da normalización: Regularización da configuración física dos predios unha vez conseguida a apertura do vial de acceso posterior ás vivendas da Rúa Colombia , e a adecuación das rasantes ó nivel da Rúa Couto Piñeiro, para conseguir parcelas edificables conforme a planeamento.

A relación de propietarios e superficies que figura no PERI , a título informativo, segundo datos do IBI é a seguinte:

UNIDADE DE NORMALIZACION DE PREDIOS UNP4.-

Nº ORD E	SUPERFI CIE	POLÍGO	PARCEL A	ENDEREZO	NOME E APELIDOS	DOMICILIO
70	218,87 (25,81)	UNP4	38567-26	R/COLOMBIA, 20	COMUNIDADE PROPIETARIOS	R/COLOMBIA, 20
73	75,87	UNP4	38567-29	R/COUTO PIÑEIRO, 12	JOSE ALBERTE SOUSA	R/COUTO PIÑEIRO, 12
74	120,69	UNP4	38567-30	R/COUTO PIÑEIRO, 14	JOSE RODRIGUEZ GONZALEZ	R/COUTO PIÑEIRO, 14
75	162,47 (80,72)	UNP4	38567-31	R/COUTO PIÑEIRO, 16	HERMINIA ALVAREZ PARAMOS/BENIGN O FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	R/COUTO PIÑEIRO, 16/CEDRO N° 2 BAIXO

O obxecto do Proxecto é a reorganización da propiedade en solo urbano consolidado para adapta-la configuración física das parcelas , en aplicación do planeamento urbanístico, sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do Concello.

Trátanse de finalidades propias destes instrumentos, segundo o artigo 122 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e artigos 117 a 121 do Regulamento de Xestión Urbanística, ó que se aten a documentación presentada.

PARCELAS INICIAIS.-

O Proxecto de Equidistribución refírese a unha superficie de 303,38 m<sup>2</sup> , de catro parcelas rexistradas e catastrais:

A número 70 do PERI (Parcela 38567-26 catastral), á que a normalización de predios aféctalle unicamente 25,10 m<sup>2</sup> dos 218,87 m<sup>2</sup> totais .

A número 73 do PERI ((Parcela 38567-29 catastral), á totalidade da súa superficie , de 75,87 m<sup>2</sup>.

A número 74 do PERI ((Parcela 38567-30 catastral), á totalidade da súa superficie , de 120,69 m<sup>2</sup>.

A número 75 do PERI ((Parcela 38567-29 catastral), á que a normalización de predios aféctalle unicamente 81,62 m<sup>2</sup> dos 162,47 m<sup>2</sup> totais , quedando o resto de 80,85 m<sup>2</sup> incluídos polo PERI na Actuación illada AI3 , para completar o viario.

PARCELAS RESULTANTES.-

A finca de resultado proposta axústase á ordenación detallada no PERI aprobado definitivamente.

En total o número de parcelas resultantes son dúas :

- Parcela "A", básicamente igual á "70" inicial, á que se engaden 1,70 m2 para acadar a aliñación establecida no PERI.

Superficie total da parcela "A": 220,57 m2

Superficie dentro da UNP4 : 26,80 m2

- Parcela "B", resultado da agrupación das 73, 74 e 75 iniciais , restados os 1,70 m2 que se incorporan á anterior 70.

Superficie total da parcela "B": 357,33 m2

Superficie dentro da UNP4 : 276,48 m2

Superficie na AI3: 276,48 m2

Coa proposta non se produce minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan, xa que as parcelas quedan edificables segundo a ordenanza de aplicación do PERI (Ordenanza CP de Couto Piñeiro) , nin , xa que logo, variacións na valoración dos predios

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

No art. 19.b) Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) obrígase aos propietarios de solo urbano consolidado a: "Regulariza-los predios para adapta-la súa configuración ás esixencias do planeamento cando fose preciso por se-la súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación".

Do mesmo xeito, o art. 122 LOUGA preceptúa que:

"1. Cando fose necesario adapta-la configuración física das parcelas en solo urbano consolidado, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

As eventuais variacións no valor dos predios compensaranse en metálico ou na forma en que cada caso se estableza no correspondente procedemento.

2. O procedemento para delimita-las zonas de normalización de predios, se non se contivese no planeamento de ordenación detallada, iniciárase de oficio ou por instancia de parte, e deberá incluír unha memoria e planos xustificativos, someténdose a audiencia dos interesados por prazo de vinte días. A competencia para a resolución do procedemento correspóndelle ó órgano municipal competente."

Neste caso, sen prexuízo do que resulte do trámite de audiencia que de seguido se abrirá, o proxecto de normalización de fincas cumpre o disposto nas referidas normas, así como no PERI IV-01 San Roque A. Limitase a rectifica-los lindeiros das fincas incluídas no ámbito, convertíndoas en edificables, sen diminuír o seu aproveitamento urbanístico nin o seu valor.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte a c o r d o:

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de predios da "UNP 4" do PERI IV-01-San Roque A, redactado polo arquitecto D. Enrique Rodríguez Alfaro, con Memoria e Planos visados polo COAG no 10/02/2006 (expte. 4636/401).*

*SEGUNDO: Abrir un trámite de audiencia aos interesados polo prazo de 20 días.*

*TERCEIRO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo a "Viuconsa SA" e a tódolos propietarios do ámbito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

#### **40(154).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN S.L. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN POLA RÚA CRUZ VERDE CON VEHÍCULOS DE 15 TM. EXPTE. 48143/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.02.06, conformado polo concelleiro dlegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 20 de outubro de 2004 e con número de documento 40106025 solicitouse permiso de circulación a r/ Cruz Verde dende a rúa Abeleira Menéndez, con vehículos de 15 TM., para obras de rehabilitación edificio do número, 11 da Porta do Sol, licencia número 46997/421. No oficio da Policía Local remitido con núm. expediente 20885/2004 de data 21-10-2004, onde nos solicitan informe coas condicións, previo a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servicio con data 27 de outubro de 2004, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (15.000 € - quince mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 2005000001183 de data 11-01-2005.*

*Solicitada a devolución da fianza, na solicitude con data de entrada no Rexistro Xeral de, 16-02-2006, e número de documento 60017209, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 22-02-2006 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.*

#### Polo que se PROPON:

*Proceder á devolución da fianza de (15.000 € – quince mil euros), a favor de CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN Y CONSERVACIÓN, S.L.*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**41(155).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A GRÚAS E ELEVACIONES RAMA, S.A. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN POLA RÚA PALMA CUNHA GRÚA DE 30 TM. EXPTE. 48144/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.02.06, conformado polo concelleiro dlegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 27 de xaneiro de 2006 e con número de documento 600009260 solicitóuse permiso de circulación a r/ Palma, Oliva (Igrexa Colexiata), cunha grua de 30 TM., para traballos de remodelación referentes o alumeado, no perímetro da Igrexa Colexiata de Santa María. No oficio da Policía Local remitido con núm. expediente 11331/2005 de data 30-01-2006, onde nos solicitan informe coas condicións, previo a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servicio con data 31 de xaneiro de 2006, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (60.000 € -sesenta mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 2006000003964 de data 03-02-2006.*

*Solicitada a devolución da fianza, na solicitude con data de entrada no Rexistro Xeral de, 15-02-2006, e número de documento 60016566, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 22-02-2006 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (60.000 € – sesenta mil euros), a favor de GRUAS Y ELEVACIONES RAMA, S.A.*

*Acordo:*

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**42(156).- TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO CONSTRUCTIVO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE COLECTORES VECIÑAIS PARA SÚA INCORPORACIÓN A REDE MUNICIPAL.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Vías e Obras, do 28.02.06, conformado polo concelleiro de Servicios Xerais, que di o seguinte:



A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2005, aprobou o “Proxecto constructivo de obras de acondicionamento de colectores veciñais para a súa incorporación a rede municipal de saneamento” (expte. 46421/2509, cun orzamento base de licitación de 1.583.202,87 Euros.

Esta iniciativa responde a unha reiterada demanda da Federación de Asociacións de Veciños que está disposta o efecto a suscribir o oportuno convenio de cesión co Concello.

A relación do Proxecto serviu para localizar e inventariar máis de 30 Km de colectores veciñais que prestan servizos a 1.330 vivendas e indentificar a gran parte dos seus usuarios.

No entanto, previamente a continuar coa tramitación do expediente, é preciso someter o Proxecto a trámite de información pública, con triple obxectivo:

a) Que aquelas persoas ou entidades que se consideren titulares de dereito sobre os ditos colectores poidan acreditarlo, examinar o expediente e efectuar as alegacións que estimen oportunas, para garantir a seguridade xurídica.

b) Identificar dos usuarios que no Inventario anexo ao Proxecto figuran como “descoñecidos”.

c) Que se poidan integrar no Inventario novos colectores que poidan existir e que no seu día non foron identificados polos redactores do Proxecto.

Por isto propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Someter a trámite de información pública polo prazo de un mes o “Proxecto constructivo de obras de acondicionamento de colectores veciñais para a súa incorporación a rede municipal de saneamento”, contendo o Inventario de colectores veciñais, a través de inserción de anuncios no B.O.P., nos periódicos de difusión na cidade, e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, indicando que o expediente se atopa nas oficinas da Concesionaria do servizo, “Aqualia”, sitas na rúa Cantabria, s/n, onde se poderá consultar e obter información dos facultativos encargados de sumístrala, en horario de 8,30 a 13,30 horas.

2º.- A copia do Proxecto deberá remitirse a Federación de Asociacións de Veciños como colaboradora nesta iniciativa, para facilitarlle a súa participación neste trámite.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **43(157).- CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DO CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2006.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as acuacións do expediente, visto o Informe Xurídico do técnico de Admón. Xeral, do 27.02.06 e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 27.02.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello para a organización dos actos da *Reconquista 2006*.

2º.-Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 46.400 euros, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.02, do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o vixente exercicio e que se aboará á Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello CIF: G-36645885.

4º.- Realizar o pagamento a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2006*

*Vigo, o marzo de dous mil seis .*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL , e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, Dº ENRIQUE MACIAS CAMBRA, PRESIDENTE e en representación do ASOCIACION VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 36202 VIGO; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que a Concellería de Festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista, o 28 de marzo.*

*2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notable participación da cidadanía e convertíndose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.*

*3. Que ambas partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da Reconquista 2006, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter*

sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2006 que incluírá as actividades que figuran no anexo II e que persiguen como principais fins:*

- ✓ *Revalorizar socialmente a zona do Casco Vello.*
- ✓ *Dar a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico.*
- ✓ *Fomentar a participación nas actividades culturais do Barrio Histórico.*
- ✓ *Recoñecer ó Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.*

*SEGUNDA.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 46.400 €, con todos os conceptos e impostos incluídos, según o orzamento presentado pola ENTIDADE (anexo I ), e que se financiarán con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural do vixente orzamento.*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

- 1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin.*
- 2. Asumir tódolos gastos que se deriven da organización destas actividades e obter tódolos permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarias para a súa realización.*
- 3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 4. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
- 5. Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*
- 6. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: número de asistentes, memoria de prensa, balance económico con detalle de gastos e aportando as facturas xustificativas correspondentes.*
- 7. Todo o material elaborado con cargo o presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2006 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pedóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*
- 8. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*

*CUARTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.*

QUINTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (46.400 €), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800045930040010217 domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, según o seguinte:

- Un primeiro pagamento a conta por importe de 23.200 €, o día 24 de marzo.
- Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 23.200 €, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula segunda, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización da programación. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello, como secretario actuará un técnico do Concello.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de xuño de 2006 e, así mesmo, non será prorrogable.

NOVENA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **44(158).- ROGOS E PERGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez